

PLENO DO EXCMO. CONCELLO

CONVOCATORIA

ORDE DO DIA para a sesión ORDINARIA que terá lugar o día 30 de XANEIRO de 2017, ás NOVE HORAS, no salón de Plenos deste Concello.

PARTE RESOLUTIVA

- 1.- **Actas anteriores:** (Acta ordinaria do 28.11.2016).

Ditames das comisións informativas:

RÉXIME INTERIOR, SEGURIDADE E MOBILIDADE


- 2.- Proposta de acordo de realización das sesións ordinarias do Pleno tódolos últimos mércores non festivos de cada mes ás 9,00 horas. Expte. 1471/1110

URBANISMO

- 3.- Aprobación inicial da Ordenanza Reguladora das Entidades Urbanísticas de Conservación do Concello de Vigo. Expte. 5166/401 (Rexistro Pleno 1491/1101).

Mocións:

- 4.- Moción do Grupo municipal do Partido Popular instando á Xunta de Galicia a impulsar e priorizar a reestruturación do Centro de Saúde de Navia, a fin de prestar o mellor servizo posible. Rexistro Pleno 1499/1101.
- 5.- Moción do Grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a que inscriba á Área Metropolitana de Vigo no Rexistro de Entidades Locais de Galicia e que autorice a acumulación de funcións nos Funcionarios de Habilitación Nacional que propuxeron. Rexistro Pleno 1495/1101.
- 6.- Moción do Grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a que retire o recurso contencioso-administrativo contra a Área Metropolitana e que acepte que está legalmente constituída e funcionando. Rexistro Pleno 1496/1101.
- 7.- Moción do Grupo municipal Socialista amosando o rexeitamento a calquera sistema de copago en vigor ou en proxecto que supoña desigualdade e limitación de acceso da cidadanía ao sistema sanitario público. Rexistro Pleno 1497/1101.
- 8.- Moción do Grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a recoñecer que o Concello de Vigo está totalmente integrado no

	Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 25/01/2017 17:42	Páxina 1 de 3
	Expediente 1469/1101	Código de verificación: 25EE4-8B8C8-DACDA-5822C	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		

transporte metropolitano de Galicia, mediante o Convenio de 6 de xullo de 2016. Rexistro Pleno 1498/1101.

PARTE DE CONTROL

- 9.-** Dar conta de resolucións da Alcaldía.
- 10.-** Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as.
- 11.-** Dar conta do Decreto da Alcaldía, de data 23.01.2017, delegando na 1ª Tenente de Alcalde e concelleira delegada da Área de Patrimonio Histórico, tódalas atribucións precisas para a tramitación e execución das actividades artístico-culturais do III Programa para arrumbar medianeiras. Expte. 8374/307 (Rexistro Pleno 1492/1101).
- 12.-** Dar conta da Resolución da Alcaldía, de data 11.11.2017, referente ao cese de dona Patricia Rodríguez Calviño como asesora do grupo municipal Socialista e nomeamento como adxunta Director de Gabinete Alcaldía. Expte. 91/1102 (Rexistro Pleno 1494/1101).

Mocións.


- 13.-** Moción do Grupo municipal de Marea de Vigo instando ao goberno municipal a mostrar o mais firme rexeitamento ao acordo entre a UE e Turquía e outros acordos complementarios. Rexistro Pleno 1493/1101.
- 14.-** Moción do Grupo municipal do Partido Popular instando ao Alcalde a cumprir coa súa palabra, coa sinatura do convenio e máis coa Lei, incorporando a Vigo ao transporte metropolitano. Rexistro Pleno 1500/1101.
- 15.-** **Formulación de rogos.**
- 16.-** **Formulación de preguntas.**

DECRETO DE CONVOCATORIA:

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes conclusos para a súa inclusión na orde do día, convócase ó Pleno da Corporación para ter lugar sesión ORDINARIA no salón de Plenos ás NOVE HORAS do día TRINTA, para resolver os asuntos da devandita relación.

Se na primeira convocatoria non existira o quorum necesario, entenderíase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Corporación para a súa concorrencia puntual ó acto e fágase público no taboleiro da Casa do Concello ós efectos de información.

	Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 25/01/2017 17:42	Páxina 2 de 3
	Expediente 1469/1101	Código de verificación: 25EE4-8B8C8-DACDA-5822C	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		

am

Vigo, na data de sinatura dixital

O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,
José Riesgo Boluda.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 25/01/2017 17:42	Páxina 3 de 3
Expediente 1469/1101	Código de verificación: 25EE4-8B8C8-DACDA-5822C	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		

